

MUDANZA NA DENOMINACIÓN DO NOSO CENTRO EDUCATIVO



Desde o curso 2010-11, o equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro leva traballando para conseguir recuperar a denominación tradicional do barrio no que se atopa a escola (O Resío) e incorporalo á denominación do noso centro. Neste sentido, comezamos a traballar na creación dun blogue, "A voz do Resío", como blogue do ENDL do centro, no que entre outros temas, falamos da orixe deste topónimo e a causa da súa substitución polo actual "Rocío".

<http://avozdoresio.blogspot.com.es/>

<http://virxedorocio.blogspot.com.es/2012/02/orixe-das-palabras-o-rocio-o-resio.html>

Entendemos que, como parte do traballo de normalización da lingua, é misión deste EDNL a recuperación dos topónimos tradicionais, máxime cando o actual "Rocío" é unha palabra que non existe na nosa lingua, sendo a actual denominación "CEIP Virxe do Rocío" un clamoroso exemplo de castrapo e deturpación da nosa lingua.

A mudanza do nome do centro veu sendo obxecto de atención polo claustro, non só por esta razón de recuperación toponímica, senón tamén co propósito de eliminar as connotacións relixiosas do nome dun centro de ensino público. Por este motivo, a finais do curso 2016-17 aprobouse en claustro a mudanza do nome do centro, pasando a chamarse, por decisión maioritaria do profesorado, "CEIP do Resío". Porén, esta mudanza non se puido facer aínda efectiva polo feito de non se levar a pleno para a súa aprobación por parte do equipo de Goberno do Concello de Vigo.

Fundamentación da denominación "O Resío"

A recuperación da toponimia tradicional vén sendo estudada por numerosos autores relacionados cos eidos da lingua e literatura, a etnografía ou a historia. Fundamentalmente ao longo do pasado século producíronse diversos intentos de castelanización da toponimia galega por parte da administración estatal (Ditadura de Primo de Rivera e no franquismo), deturpando e agredindo ás denominacións de cidades, vilas ou parroquias. Nun dos escritos menos coñecidos de Camilo José Cela, o premio Nobel traballaba na elaboración dun mapa de Galicia coa toponimia auténtica e non a ditada, (en palabras do autor), polo "despropósito falazmente pseudocastellanizante", como denunciaba nun artigo do xornal *Informaciones* do ano 1977.

Entre outras, a protección da toponimia é unha das funcións máis importantes que deben realizar os organismos que promoven a Normalización da Lingua Galega, e polo tanto, tamén do Equipo de EDNL deste centro.

Co propósito de xustificar a nosa decisión expoñemos a continuación os seguintes argumentos:

- Fontes bibliográficas:


- Sestay Martínez, I. "Toponimia do Val do Fragoso. Nº1. Coia" Universidade de Vigo (2008)

Este libro foi a base do noso traballo. Ademais de ser un excelente traballo de investigación toponímica, nel recóllense numerosos testemuños de veciños de Coia que achegan o seu coñecemento sobre moita da toponimia da vella Coia, hoxe transformada nun barrio urbano no que moitos destes nomes fóronse perdendo.

[snl.vigo.org/imaxes/file/toponimia/coia libro](http://snl.vigo.org/imaxes/file/toponimia/coia_libro)

- Dicionario RAG da Lingua Galega.

Como xa mencionamos antes, a palabra "rocío" non existe na normativa oficial da lingua galega. Si que existe a palabra "resío", con diferentes acepcións. Por una banda a relativa a un terreo sobrante e por outra, a relativa ao orballo, rosada ou condensación atmosférica producida durante as noites. Temos, por tanto, o termo "resío" como un termo moito máis amplo e inclusivo que "rocío", termo que, como xa comentamos, non existe na nosa lingua.



The screenshot shows the website of the Real Academia Galega (RAG) dictionary. The page is titled "Dicionario da Real Academia Galega" and features the logo of the RAG and the Fundación Barrié. The main content area displays the entry for "resío", which is a masculine noun. The definition is: "Humidade do aire que, co frío da noite se condensa e se deposita en pingas pequenas. Este resío métese no corpo." It also lists synonyms: "orballo, rosada" and forms less recommended: "recio, rexio". The page includes a search bar, navigation tabs, and a sidebar with a "Palabra á toa" section and a "Suxestión" form. The browser's address bar shows the URL: "academia.gal/dicionario#loadNoun.do?current_page=1&id=1898529".

The screenshot shows the website of the Real Academia Galega (Fundación Barrié). The main content is the dictionary entry for 'resío', which is a masculine noun. The entry includes two numbered definitions: 1. A piece of land that remains outside a wall when it is closed, but belongs to it. 2. A space around a house. There is also a section for 'Últimas actualizacións' (Latest updates) and a sidebar with a search bar and a 'Palabra á toa' (Word of the day) section.

- Fontes documentais:

Esta é unha das probas máis valiosas que atopamos neste pequeno traballo. A través dunha familia do noso centro conseguimos unhas vellas escrituras de propiedade das terras que hoxe ocupan a nosa escola. Sendo unha documentación dos anos 50 do pasado século, é rechamante o feito de estar escrito integramente en castelán pero referíndose a estas leiras como pertencentes ao lugar de "O Resío" ou "O Rosío". É destacábel que en ningunha destas escrituras aparece o nome "Rocío", a pesar de ser unha documentación relativamente recente. (Década de 50)

Estas escrituras van anexas a este documento.

- Fontes toponímicas:

A través do portal oficial da Xunta "Toponimia de Galicia":

(<http://toponimia.xunta.es/>) estudamos cantos lugares existen en Galicia cos termos "Resío", "Rosío", "Rousío" e "Rocío". Os resultados son claros:

- 23 lugares nos que aparece o nome "Resío"
- 8 lugares co nome "Rosío"

- 5 lugares co nome "Rocío" (sería interesante tamén estudar a orixe destes outros "rocíos")
- 2 lugares co nome de "Rousío"

Anexo a este documento temos os resultados das buscas realizadas no Nomenclátor de Galicia

- **Autores especialistas:**

En conversa informal con Gonzalo Navaza, (febreiro de 2018) profesor da Universidade de Vigo, e investigador especializado no campo toponímico, afirmamos que o topónimo orixinal é "O Resío", ou "O Rosío", sen lugar a dúbida ningunha. Sinala tamén como no portugués pervive esta palabra, sendo unha das principais prazas de Lisboa a coñecida popularmente como "Praça do Rossio", oficialmente "Praça de Pedro IV".

Desde o centro fixemos diversos traballos relacionados con este tema:

- Proxecto de Investigación "A toponimia do noso barrio". (Curso 2015-16). Entre outros aspectos investigados, fixemos un traballo de recolla de información entre a veciñanza, levada a cabo polos propios alumnos do centro. Os resultados amosan que canto maior é a franxa de idade das persoas enquisadas, maior presenza hai do termo "O Resío". Porén, esta investigación foi proposta como un simple traballo de aula, polo que carece do rigor científico esixible para ser considerada unha proba de peso. Con todo, é unha mostra máis da razón que apoiamos.

- Obra de teatro (decembro 2017): "Onde o mundo se chama O Resío". O curso de 5º de Ed. Primaria representou unha obra de teatro no festival de Nadal da escola coa intención de poñer en coñecemento de toda a comunidade educativa o asunto da mudanza de nome do centro. O texto da obra vai anexo a este documento.

<http://virxedorocio.blogspot.com.es/2017/12/festival-de-nadal-segunda-parte.html>

<https://www.youtube.com/watch?v=JlhMr8BtcIw>

Creemos, en definitiva, que a mudanza de nome do noso centro é un pequeno paso para a nosa lingua, na reconquista de espazos dos que o galego fora excluído durante séculos, mais un paso necesario para:

- Eliminar connotacións relixiosas o nome dun centro educativo público
- Depurar e restaurar un topónimo acastrapado
- Superar o auto odio que aínda pervive nas persoas que pensan que mudar "Rocío" por "Resío" é un acto de hipergaleguismo ou nacionalismo.
- En definitiva, o triunfo da racionalidade sobre a ignorancia e a superstición.

Para rematar, queremos sinalar que o día 20 de marzo recibimos na nosa escola a visita do Sr. Alcalde.

<http://virxedorocio.blogspot.com.es/2018/03/o-alcalde-tamen-conta.html>

Ademais de visitar a nosa "lareira dos avós", o Sr. Alcalde agasallounos cuns contos "dos Bolechas". A casualidade fixo que, precisamente nun deses contos, "Os Bolechas quieren saber a orixe dos nomes dos lugares" atopásemos o seguinte:





–En Vigo algunha xente esqueceu este nome galego e pensan que un lugar que se chamaba antigamente **Resío** estaba mal chamado. Din que o nome correcto é **Rocío**. E tan teimosos son que mesmo lle fan todos os anos unha festa adicada á virxe andaluza do Rocío, con procesión e todo.

Pero **rocío é orballo en castelán, non ten nada que ver coa palabra galega resío**. Casos destes hai outros en Galicia.

Agardamos que, con este documento, animemos aos responsables correspondentes a cumprir a nosa petición e poidamos, por fin, empregar con normalidade o nome para o centro que así decidimos en claustro hai xa case un ano.

Sen máis, reciban un cordial saúdo.